

EL MATRIARCADO, DE PAUL LAFARGUE: CANDO O PASADO NOS TOMA A DIANTEIRA¹

Alfredo Álvarez

Universidade de Alcalá

ORCID: [0000-0003-3845-8917](https://orcid.org/0000-0003-3845-8917)

<mailto:a.alvarezalvarez@uah.es>

LAFARGUE, Paul 2021. *El matriarcado*. Tradución de Alfredo Álvarez. Colección Tascabili. Madrid: Altamarea Ediciones. 114 páxs. ISBN 978-84-18481-01-7.

[Recibido 16/07/21; aceptado 12/12/21]

Enfrontarse no século XXI á tradución dunha obra como esta reviste algunhas peculiaridades, especialmente de termos en conta o público máis novo xa que podería creerse que o debate sobre a igualdade entre homes e mulleres é relativamente recente. De sobra sabemos que non é así e, no caso que nos ocupa, Paul Lafargue representa unha actualidade non demasiado valorada, quizais por cuestións políticas ou, máis plausible, porque ao longo dos anos o tema das mulleres non suscitou interese abondo como para poñelo sobre a mesa, sobre todo no século XX.

Lafargue non foi un conformista, unha simple ollada á súa biografía mostra algunhas singularidades xa no seo da súa familia. O feito de nacer en Cuba —alí era Pablo—, neto dunha avoa dominicana afrodescendente e outra orixinaria de Xamaica, con dous avós franceses, un deles xudeu, representou sen dúbida unha bagaxe que necesariamente habería de contribuír a ensanchar o mapa das súas conviccións tanto sobre o matriarcado como sobre o patriarcado. Casado con Laura, segunda filla de Karl Marx, non foi precisamente santo da devoción do filósofo alemán —o seu carácter caribeño facíalles colidir—, aínda despois de se converter co paso do tempo nun dos maiores difusores da súa obra, xunto con Laura, especialmente en Francia e en España. Tocoulle vivir unha época convulsa na que moi probablemente, a xulgar pola súa produción e percorrido, encontrouse coma o peixe na auga. Ía para médico. Non queda claro se concluíu os estudos, tras a súa expulsión da Escola de Medicina de París por motivos políticos, se ben parece que os continuou en Londres. Participou de xeito activo na expansión das ideas socialistas cunha entrega e unha convicción que lle fixeron incluso pasar polo cárcere, levando unha vida moi lonxe do que se podía esperar de acordo coa súas burguesas raíces francesas.

A cuestión dos seus estudos resulta relevante no que se refire á redacción de *El matriarcado*, xa que sen dúbida esa formación proporcionoulle unha cultura científica que ten un reflexo evidente na obra. Unha obra, por certo, a cabalo entre a antropoloxía e a historia, que dá fe dunha lucidez e unhas conviccións que o adiantan claramente ao momento que vive e que, sobre as mulleres, o levarán a afirmar, dezaquito anos máis tarde, no seu opúsculo *La question de la femme* que «Le capitalisme n'a pas arraché la femme au foyer

¹ Tradución do castelán ao galego de Ivana Neira Tronceda.

domestique et ne l'a pas lancée dans la production sociale pour l'émanciper, mais pour l'exploiter encore plus féroce­ment que l'homme». En *El matriarcado* o seu obxectivo non era só realizar unha análise da situación das mulleres ao longo dos séculos, senón proceder a unha introspección histórico-crítica a partir dos coñecementos que se teñen sobre a forma de organización da familia en diversos pobos primitivos, baseada nunha estrutura matriarcal. Esta formulación é o punto de partida para Lafargue, xa que esa organización familiar dá un xiro de 180° a partir do momento en que o home logra derribala, apoiándose nalgúns dos piares que lle han servir para fortalecer a súa posición. Entre eles sinalaremos o marco legal e a relixión (especialmente de carácter monoteísta) a partir dos cales se creou un armazón de ferrollos que relegarían ás mulleres ao interior da casa, privándoas de toda relevancia no grupo social. Os termos nos que se pronuncia Lafargue neste sentido, desde sempre, son claros: «A familia patriarcal fixo a súa entrada no mundo escoltada pola discordia, o crime e a farsa degradante». No camiño que o leva a esa conclusión está a traxedia grega, nó gordiano que, segundo el, reflicte con claridade o punto no que o paso ao patriarcado tomou corpo para se converter no que hoxe coñecemos.

A tarefa de traducir a obra prodúcese dende un triplo punto de vista. Por un lado temos ao autor, que se expresa dunha maneira singular, froito dunha personalidade irresistible, algo que se traslada ao seu discurso mediante un ritmo expositivo por momentos contundente que, obviamente, cómpre conservar. Por outro lado temos o contido, que flutúa entre a historia, a antropoloxía e o ensaio como se mencionou, todo iso presentado con rigor e profusión de datos pero tamén dende a convicción dun revolucionario a cabalo entre os séculos XIX e XX que toma partido con meridiana claridade e hoxe conmóvenos pola súa lucidez sobre cal debe ser o rol das mulleres na sociedade.

Finalmente, outro aspecto que houbo que considerar ao encarar a tradución foi a especificidade da linguaxe. Como home culto decimonónico, Lafargue exprésase nun francés que, se nos deixamos seducir por unha literalidade mal entendida, podería dar como resultado en español un estilo denso, por momentos se cadra levadío, o que esixiu un traballo tradutor específico obviando, por exemplo, xiros en desuso ou vocabulario que hoxe poderíamos considerar obsoleto. Como finalmente traducir é decidir, optei por preservar ante todo dous aspectos que considere nucleares, a comprensibilidade do conxunto e o respecto pola forma.

El matriarcado escribiuse en 1886. En español, que se saiba, publicáronse outras dúas edicións, unha en Arxentina² e outra en Madrid³, ambas esgotadas. Este dato non deixa de resultar sorprendente, xa que pola actualidade do seu contido, pola vixencia dos seus pensamentos, pola súa capacidade para provocar debate, pola súa proposta lúcida e a súa toma de posición rotunda con respecto ao papel das mulleres no mundo, así como pola súa claridade expositiva, cabería agardar un maior interese editorial. Acaso podería atribuírse esta penuria —ou apatía— á condición de marxista de Lafargue, en tempos da ditadura franquista, pero ese argumento carecía absolutamente de fundamento na etapa democrática. En todo caso, rescatar esta obra, necesaria si se pretenden comprender algúns dos porqués máis relevantes sobre o lugar que ocupan as mulleres na nosa sociedade e a necesidade de remover esa situación a prol dunha igualdade

² LAFARGUE, PABLO. 1947. *El matriarcado (Obras escogidas)*, Colección Era, vol. VIII. pp. 9-57. Serie Precursores (Sección Sociología). Buenos Aires: Editorial Intermundo, 1947.

³ LAFARGUE, PABLO. 1977. *El matriarcado. Estudio sobre los orígenes de la familia*. Madrid: Versión, Martina Manzanares, Libros Dogal, 1977.

imprescindible, non deixa de ser un acerto con capacidade para sorprenden ás persoas que pensan que o máis actual sobre o tema estase a dicir na actualidade.